

Acta nº 1/2018

XUNTANZA MESA NEGOCIACIÓN PREVIA ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E ORGANIZACIÓNS SINDICAIS PARA A MODIFICACIÓN DA RPT

Na sé do Instituto Galego da Vivenda e Solo en Santiago de Compostela reúnen-se ás 12:30 horas do día 04/10/2018 as persoas que a seguir se relacionan e que foron previamente convocadas co obxecto de levar a cabo xuntanza baixo o único punto da orde do día:

Proposta de modificación da RPT do Instituto Galego da Vivenda e Solo

ASISTENTES:

Pola Administración

- Maria Angeles Dominguez Franjo, secretaria xeral IGVS
- Jorge Picouto Delgado, xefe servizo xestión recursos humanos e r. i.

Polas organizacións sindicais

- UGT Juan Manuel Loureiro Taibo
- UGT Maria Luz Limia Cid
- CIG Jesús Perez Balirac
- CIG Roberto Varela Gestal
- CC OO Javier Lareu Rodiño
- CC OO José Antonio Rodriguez Rodes
- CSIF Francisco Fernández Castro

En relación co único punto da orde do día significar o seguinte:

Intervención da secretaria xeral e do xefe servizo xestión recursos humanos e r. i do Instituto Galego da Vivenda e Solo, facendo a seguinte exposición:

Explica a proposta de modificación da rpt do IGVS no seu conxunto.

1. Propón unha modificación de vintetrés postos da RPT do instituto, dando cumprimento en primeiro lugar a Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos

postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Manteñense como LD os catro postos de xefe/a de área provincial.

2 Proponse a amortización de catro postos de traballo da rpt do IGVS, un posto de laboral e tres de funcionario/a, e se procede a creación doutros catro postos de funcionario/a. Manifestóuselle as oo ss, que o posto de xefe de sección calidade se encontra vacante sen titular, e o posto de Arquitecto sí dispón de titular, que se va a xubilar en breve, que é coñecedor desta situación. Non houbo problema, por parte das oo ss asumindo estas as xustificacións expostas polo IGVS.

3 Seguindo o criterio da Dirección Xeral da Función Pública, incorporouse a determinados postos de traballo da rpt adscritos tanto aos servizos centrais como periféricos, dun área funcional. Este área funcional, refírese a área económica-orzamentaria, técnico-xurídica, inspección, persoal e contratación.

4 Así mesmo, determinados postos de traballo foron obxecto de modificacións nas súas observacións, formación específica, corpo/escala, subgrupo (neste caso en aplicación do artigo 40 d) da Lei 2/2015, do 29 de abril do emprego público de Galicia.)

5 Elimínase a titulación 2062 do posto de código MAO110000615770024, denominado posto base subgrupo A1, asignándolle o código 501 de licenciado en dereito como mérito.

5 A supresión de postos a creación doutros na RPT do IGVS, implica reorganizar de novo a plantilla do organismo e adaptala as esixencias actuais do instituto para dar resposta os cidadáns.

A continuación solicitamos dos representantes das catro organizacións sindicais presentes para que fixesen exposición das súas alegacións a proposta de modificación da RPT do IGVS.

Intervención dos representantes das organizacións sindicais:

Polos representantes das catro organizacións sindicais (CC OO, UGT, CSIF e CIG), manifestaron conxuntamente a súa conformidade en remitir o IGVS nun prazo de dez días naturais (do 04/10/2018 ata o 16/10/2014) por escrito as súas alegacións a proposta de modificación da RPT do IGVS.

A continuación se incorporan literalmente os escritos que presentarón as organizacións sindicais

1 CIG

Zeltia Burgos Tortosa, secretaria nacional da CIG-Autónomica, co enderezo válido para os efectos de notificacións indicado na cabeceira deste escrito e no enderezo de correo electrónico autonomica@cigadmon.gal, presento as seguintes

ALEGACIÓNS Á PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RPT DO IGVS

A nivel formal na documentación de RPT que se nos presenten solicitamos a posibilidade pública de visualización da masa salarial anual do posto e o emprego dun programa informático ou plataforma de acceso que permita a transparencia e a comparación de datos.

1.- Aínda que o balance xeral desta proposta non é negativo, opoñémonos á amortización de postos de traballo para a creación doutros. Máxime cando despois da reunión en mesa tivemos que oír que existe unha gran deficiencia de persoal no IGVS. Polo tanto é necesaria a creación de postos en relación á carga de traballo. Reiteramos a necesidade dunha xustificación funcional baseada nas funcións e a carga de traballo dos postos e vinculada a un proxecto de mellora deste servizo público.

2.- Rexeitamos a amortización de postos base mentres se duplican ou manteñen postos directivos. Neste sentido non entendemos que a Dirección Xeral do IGVS teña dous postos de SECRETARIO/A DIRECTOR/A XERAL (LD), cando a inmensa maioría das direccións xerais de todas as consellerías teñen un só posto. Coa amortización dun destes postos poderíanse crear novos postos sen necesidade de reducir a estrutura por abaixo.

3.- Non entendemos, xa que non hai unha explicación lóxica nin se achega documentación, que só na provincia de Pontevedra exista unha xefatura de sección de nivel 25, mentres no resto de provincias o mesmo traballo teno que facer un xefe/a de negociado. Solicitamos a creación dun nivel 25 XEFATURA SECC. HABIL. PERSOAL RÉX. INTERNO E REX. no resto das provincias.

4.- Solicitamos que se cumpra a normativa vixente e indiquen que praza da RPT vai cumprir as funcións estatísticas que obriga a lei ou a súa creación si non a teñen prevista.

5.- A Lei 7/2014 de arquivos e documentos establece que "existirá un arquivo central en cada consellería e opcionalmente, cando non estea creado un arquivo xeral territorial, en cada xefatura territorial dela dependente, así como naqueles organismos



que posúan personalidade xurídica propia" (art.38.1), o art. 38.5 di *"Á fronte de cada arquivo central haberá unha persoa do corpo facultativo superior de arquivos, nos termos que estableza o plan previsto na disposición transitoria segunda e de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias, tras a correspondente modificación da relación de postos de traballo."*

A Lei 1/2016 de transparencia e bo goberno especifica o dereito de acceso da cidadanía á información pública, acceso que maioritariamente vaise facer co uso do arquivo e, dende unha óptica económica, é incuestionable o aforro que supón ter a documentación xestionada e inventariada sen necesidade de acudir a contratacións externas. Dende a CIG rexeitamos en todo caso que unha expresa externa ou asistencia técnica acceda a documentación reservada, sensible ou con protección de acceso. Por todo isto, reclamamos a creación do obrigatorio arquivo central e a correspondente dotación de persoal público.

6.- O artigo 2 da Orde do 21 de novembro de 1989 pola que se fixan os criterios xerais para a elaboración das relacións de postos de traballo dispón que *"En cada centro directivo os postos serán descritos e relacionados en orde descendente a partir dos niveis máis altos e segundo a súa vinculación coas unidades en que se divida o centro xestor"*. Solicitamos que os AXUDANTES DE ADMINISTRACIÓN N16 se recodifiquen e se coloquen nos servizos onde fan realmente o seu traballo e se lles asigne a unidade orgánica que lle corresponda polas súas funcións no servizo.

Un dos axudantes de administración da Coruña (ECO)

Un dos axudantes de administración de Lugo (ECO)

Un dos axudantes de administración de Ourense (ECO)

Os dous axudantes de administración de Pontevedra (ECO)

Queremos saber a razón pola que un posto de Axudante de Administración se atopa en Santiago cando todos os postos están en cada unha das delegacións provinciais. Queremos saber se ese posto de Santiago está ocupado e, de ser así, queremos saber quen é o responsable da ilegalidade de ter un traballador fóra do seu centro de destino.

7.- A CIG esta en contra do sistema aprobado por Función Pública sobre as áreas funcionais, e consideramos que aínda así non se manteñen os criterios dados por Función Pública. O sentido da súa asignación non cumpre as premisas do decreto de áreas funcionais, por iso solicitamos que, por un lado se eliminen os "méritos de algún tipo de titulación ou coñecemento" que aparecen nas formacións específicas cando xa teña asignada a Área Funcional e, por outra banda, engadir as xefaturas de negociado

que se atopen nos servizos con áreas funcionais determinadas as mesmas dos outros postos.

IV.O11.00.001.15770.045-(CON)

IV.O11.00.001.15770.054, IV.O11.00.001.15770.056-(XUR)

IV.O19.10.000.15001.047-(PER)

IV.O19.10.000.15350.042 xefe de grupo (ECO)

IV.O19.10.000.27001.055-(XUR)

IV.O19.10.000.36001.052-(XUR)

IV.O19.10.000.36001.065, IV.O19.10.000.36001.066 (PER)

8.- Solicitamos que aos ARQUITECTO/A TÉCNICO/A FUNCIONES FACULTATIVAS se lles equipare en nivel ao resto de postos da mesma escala existentes noutras consellerías por estar a realizar as mesmas funcións.

Compostela, 11 de outubro de 2018

A secretaria nacional da CIG-Autonómica


ADMINISTRACION
Zeltia Burgos Tortosa

SECRETARÍA XERAL DO IGVS

Área Central. Fontiñas - 15781 Santiago de Compostela



2 CSIF



REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

ENTRADA 12142 / RX 2570747

Data 16/10/2018 11:37:41



A/A SECRETARÍA XERAL
INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO - IGVS
AREA CENTRAL - FONTIÑAS
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA

ALEGACIÓNS DA CSIF Á PROPOSTA DE RPT DO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO - IGVS

1. COBERTURA DE POSTOS POR LIBRE DESIGNACIÓN


Consideramos que a regra xeral dos postos de traballo deben de ser polo sistema de concurso. Pero nesta RPT vemos que existe un avance moi considerable xa que hai unha redución notable dos postos que son de cobertura por libre designación deixando practicamente por este sistema de provisión aos postos directivos así como as xefaturas de área provincial.

2. AREAS FUNCIONAIS

Dende a CSIF vimos manifestándonos en cada unha das RPT's que estamos en contra criterio adoptado unilateralmente de Función Pública de encadrar os postos nunha determinada área funcional xa que limitan a mobilidade dos empregados públicos das Administracións tanto de forma xeográfica como funcional e limitan a libre elección de postos de traballo do persoal da administración pública galega. E como esta RPT non vai ser unha excepción, vamos a solicitar con carácter xeral a **eliminación do encadramento dos postos de traballo en Áreas Funcionais**.

3. APERTURA DE POSTOS DE FUNCIONARIOS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS

O número de postos abertos a outras Administracións pode estar fora dos límites esixibles pola norma e dende CSIF consideramos inaceptable que un gran número dos postos que se abran a outra administracións sexan postos de cobertura mediante Libre Designación e de postos e niveis superiores.



CSIF, como organización sindical de ámbito nacional está totalmente a favor de facilitar a mobilidade de todos empregados públicos en todas as Administracións Públicas, non soamente como receptores de persoal que quere formar parte da Administración Xeral da Xunta senón que o persoal que pertence a esta administración poida acceder a unha praza noutra administración polo que é preciso asinar previamente os correspondentes convenios de reciprocidade.


Doutro xeito estaríamos a prexudicar aos empregados públicos da Administración da Xunta que ven como se incrementa a competencia no momento de optar a prazas do seu interese a través dos distintos sistemas de provisión, como así ocorre nas administracións locais en Galicia tanto nas respectivas RPTs das Deputacións como na maioría dos concellos se da a circunstancia que a creación de postos adscrición noutras administracións é nula.

Na proposta que formula a consellería o número de total de postos de funcionarios abertos a persoal doutras administracións (A11 / A12) é de 21 sobre a totalidade de 252 (incluímos o persoal laboral) que aparecen nesta RPT que nos da unha **porcentaxe dun 8,33%** de postos abertos a outras administracións.

Se ben o artigo 38.5 da Lei 2/2015 permite abrir a outras administracións ata un máximo do 7% do número total de postos de traballo de funcionarios e laborais, esta porcentaxe refírese en cómputo total de todas as RPT's da Administración da Xunta de Galicia, e esta RPT de forma específica o supera en case un punto e medio.

En consecuencia, solicitamos que se incorpore ao expediente desta modificación de RPT unha **certificación expedida pola Consellería de Facenda que acredite que non supera a porcentaxe establecida no citado precepto legal.**

Polo tanto, **solicitamos unha redución destes postos de adscrición indistinta a funcionarios doutras administracións e que sexa de adscricións exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia.**



4. APERTURA DOS POSTOS DE XEFATURAS DE SERVIZO AOS SUBGRUPOS A1 E A2

Na proposta que nos remiten con respecto as xefaturas de servizo hai unha apertura ao subgrupo A2 de tres postos que antes estaban abertos soamente ao subgrupo A1, polo que aprobamos esta proposta, pero que é insuficiente xa que quedan dúas xefaturas de servizo na Dirección Técnica de Solo, Edificación e Calidade sen apertura aos subgrupos A2 como son a Xefatura de servizo de planificación e ordenación do solo e a Xefatura de oficina técnica; así como os catro postos nas xefaturas de oficina técnica en cada unha das áreas provinciais, polo que propoñemos que estes postos se abran aos subgrupos A2 co requisito da titulación 2001 tal como se propoñe na seguinte plantilla.


CENTRO DE DESTINO:		DIRECCIÓN TÉCNICA DE SOLO, EDIFICACIÓN E CALIDADE							
IV.O11.00.004.15770.020	XEFATURA SERVIZO PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN SOLO	28	16.303,14	CE	A1-A2	ESPECIAL	AXG	2001	
MA.O11.00.002.15770.047				LD					
IV.O11.00.004.15770.030	XEFATURA OFICINA TÉCNICA	28	16.303,14	CE	A1-A2	ESPECIAL	AXG	2001	
MA.O11.00.002.15770.030				LD					

CENTRO DE DESTINO:		ÁREA PROVINCIAL A CORUÑA							
IV.O19.10.000.15001.080	XEFATURA SERVIZO TÉCNICO	28	14.898,24	CE	A1-A2	ESPECIAL	AXG	2001	6
MA.O19.10.000.15001.080				LD					

CENTRO DE DESTINO:		ÁREA PROVINCIAL LUGO							
IV.O19.10.000.27001.080	XEFATURA SERVIZO TÉCNICO	28	14.898,24	CE	A1-A2	ESPECIAL	AXG	2001	6
MA.O19.10.000.27001.080				LD					

CENTRO DE DESTINO:		ÁREA PROVINCIAL OURENSE							
IV.O19.10.000.32001.070	XEFATURA SERVIZO TÉCNICO	28	14.898,24	CE	A1-A2	ESPECIAL	AXG	2001	6
MA.O19.10.000.32001.070				LD					

CENTRO DE DESTINO:		ÁREA PROVINCIAL PONTEVEDRA							
IV.O19.10.000.36001.080	XEFATURA SERVIZO TÉCNICO	28	14.898,24	CE	A1-A2	ESPECIAL	AXG	2001	6
MA.O19.10.000.36001.080				LD					



5. AMORTIZACIÓN DE POSTOS

Respecto da amortización de postos de traballo consideramos que non está xustificada nin motivado na memoria a supresión de dos postos de Subalterno e de Auxiliar Administrativo xa que son postos estruturais e necesarios.

Con respecto o auxiliar administrativo, posto regulado pola Disp. Transitoria 10ª do V Convenio este posto está pendente para a súa cobertura para o proceso de consolidación polo que nos opoñemos a súa amortización, independente de que o titular se xubilara, xa que este é un proceso extraordinario de prazas que están creadas en RPT específica de consolidación e son de postos de estrutura.

6. CREACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO

O pasado 10 de marzo publicouse o Plan Estatal de Vivenda para o período 2018-2021 e a súa promoción e xestión deste plan e programas o Instituto Galego de Vivenda e Solo é o órgano competente para o seu desenvolvemento así como doutras funcións en materia de vivenda. Polo tanto, e ante esta necesidade social, solicitamos que se **incremente os efectivos con persoal contratado e interino** para levar a cabo os distintos programas asinados con postos de **funcións administrativas e de carácter técnico**, tanto para os servizos centrais do IGVS así como para as áreas provinciais.

Santiago de Compostela, 16 de outubro do 2018.



O SECRETARIO DE ORGANIZACIÓN E NEGOCIACIÓN AUTONÓMICA
José Sánchez Brunete Varela.

123



Sector da Admón. Autonómica de CCOO de Galicia
www.ccoo-autonomica.blogspot.com

ALEGACIÓNS DE CCOO Á PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS RPT DO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E O SOLO

3 CCOO
José Emilio Doforno Guzmán, Coordinador Xeral do Sector da Administración Autonómica, con domicilio a efectos de comunicación, no Edificio Sindical, rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 8-C en San Lázaro (Santiago de Compostela), por medio do presente escrito, e en relación coa proposta de modificación da RPT do Instituto Galego da Vivenda e o Solo, formula as seguintes consideracións e alegacións.

- * Que a pesar de que esta proposta de modificación non destrúe emprego público neto (creanse catro prazas e amortízanse outras catro), seguimos estando en contra das amortizacións de postos. Por este motivo, solicitamos que se deixen sen efecto as amortizacións propostas.
- * Que se cree o posto de Técnico Facultativo Superior de Arquivos, tal e como sinala a *Lei 7/2014, de arquivos e documentos de Galicia* que no seu artigo 38 establece a existencia dun arquivo central en cada consellería e tamén nos organismos que posúan personalidade xurídica propia, á fronte do cal debe estar un empregado público do Corpo Facultativo de Arquivos. Esta praza debería encadrarse na xefatura de sección de rexistro e arquivo.
- * Que non estamos de acordo co establecemento de requisitos indispensables de titulación (licenciatura en dereito) nun posto base do subgrupo A1 da Dirección Técnica de Fomento. Por este motivo, propoñemos eliminalo, e se está debidamente xustificado, que se substitúa por mérito, tal e como ocorre nun posto base da Dirección Técnica de Solo, Edificación e Calidade.
- * Que non estamos de acordo coa proposta de provisión de distintos postos por concurso específico, xa que este sistema de provisión non esta regulamentado e, polo tanto, descoñecemos os criterios que rexerán para puntuar ós aspirantes nin o grao de obxectividade establecido para os mesmo.
- * Que non estamos de acordo coa forma de provisión de distintos postos polo procedemento de libre designación empregando en moitos casos excusas absurdas (especial responsabilidade por garantir a protección de datos persoais ou xestionar información especialmente reservada) como se o persoal funcionario non fose responsable para asumir estas tarefas co adecuado sxiilo profesional..
- * Que é necesario que na actual coxuntura socioeconómica o IGVS teña na súa RPT a figura do/a traballador/a social. Por unha banda, polo carácter de protección social que se lle supón ás políticas de vivenda, por outra polo compoñente de valoración social tan importante que teñen as axudas e prestacións relacionadas coa vivenda social e, por último, pola situación actual dos casos de desfuzamento e outras problemáticas sociais graves relacionadas coa vivenda (amoreamento, infravivenda, etc). Consideramos que é imprescindible de cara a



profesionalización da valoración social no IGVS que se creen as prazas necesarias de traballador social na súa RPT, tanto nos servizos centrais como nas áreas territoriais.

* Que debería aproveitarse esta modificación para incrementarles aos postos de Inspector o nivel, pasando ao 25 (como teñen outros corpos de inspección da Xunta) e tamén debería de contemplarse no seu específico a circunstancia de ter que conducir un vehículo para realizar as súas funcións.

* Que debería aproveitarse esta modificación para modificarlle o nivel aos postos de Arquitecto Técnico de Funcións Facultativas ata o nivel 25 co fin de equiparalos aos doutras consellerías.

* Que no tocante a todos os postos que poidan ser cubertos por persoal do Estado ou outras administracións (A11) e tamén por persoal da administración local (A12) solicitamos que sexan exclusivamente para persoal da Xunta (AXG) en tanto non haxa acordos de reciprocidade coas distintas administracións e non coñezamos a porcentaxe total de postos que están cubertos por persoal doutras administracións, xa que isto supón unha limitación na promoción profesional do persoal funcionario da Xunta de Galicia. Por este motivo, solicitamos que se incorpore ao expediente a certificación que acredite que o número de postos abertos a outras administracións neste organismo non supera a porcentaxe do 7% establecida no artigo 38.5 da Lei de emprego de público de Galicia

* Que na relación de postos de traballo a amortizar figura un posto de auxiliar administrativo na Secretaría Xeral do IGUS (Grupo IV/Categoría I) con código MA.O12.00.000.15770.110. Sen embargo, non se presenta ningunha documentación relativa ao persoal laboral. Por este motivo, cómpre clarexar se hai ou non hai postos de persoal laboral no IGUS.

En consecuencia de todo o anterior, **SOLICITO:**

Que se teña por presentado este escrito de alegacións para a súa toma en consideración nas xuntanzas de negociación a celebrar, co obxecto de acadar unha relación de postos de traballo co máximo consenso posible.

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2018



CCOO
Federación de centros de traballadores e traballadoras
sector público de administración autonómica
galicia

J. Emilio Doforno Guzmán

SECRETARIO XERAL DO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E O SOLO
CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

4 UXT

Pola organización sindical UXT, non se presentarán alegacións escritas tal e como se acordou por todos os asistentes a reunión. Non obstante, daráselle resposta as preguntas formuladas presencialmente por esta organización nesta mesa de negociación.

Alegacións formuladas por UXT:

1 Propoñen o seguinte:

Amortizar un dos dous postos de traballo que se citan

-O posto de Asesor Xurídico de nivel 30

-O posto de xefe de servizo técnico-xurídico ss cc

-Modificar a denominación do posto de Axudante Administración e apoio ao rexistro e compulsas, por unha máis xenérica.

-Asinar convenios de reciprocidade para permitir o intercambio de empregados/as públicos, entre diferentes administracións.

4 Manifestan a súa disconformidade coa forma de provisión de concurso específico (CE), e a súa predisposición polas LD, polo momento.

5 Disconformidade coa amortización do posto de persoal laboral do grupo IV categoría 1 de auxiliar administrativo.

6 Promover o nivel de destino das xefaturas de negociado de habilitación e Fianzas pasandoas do nivel 20 ao 25

7 Propoñen a equiparación de todos os arquitectos técnicos FF, pasando de nivel de destino 22 ao 25







8 Comprobar a xefatura de sección demandantes da área provincial do IGVS da Coruña de nivel 25 que non leva incorporado en formación específica 501 (merito), en relación co mesmo posto de Lugo que sí o leva.

9 Propoñen que se lle incorpore como area funcional ao xefe de negociado Habilitación de Fianzas da Pontevedra o código ECO así como dispoñibilidade horaria.

Pola secretaria xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo de novo se toma a palabra para comunicarlle aos representantes das organizacións sindicais asistentes na xuntanza, que se avaliarán as alegacións presentadas por estas organizacións sobre o contido da proposta de modificación da RPT do IGVS, dándolle resposta nun tempo axeitado.

Este Acta trasladaráselle as organizacións sindicais e a dirección xeral da Función Pública.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as 14:52 horas da mañá do día catro de outubro de dous mil dezaoto.

Polas organizacións sindicais:	Polo Instituto Galego da Vivenda e Solo
UGT Juan M Loureiro Taibo 	A secretaria xeral do IGVS M Angeles Dominguez Franjo,  
CIG Roberto Varela Gestal 	Servizo xestión rr hh e ri Jorge Picouto Delgado 
CCOO Javier Lareu Rodiño 	
CSIF Francisco Fernández Castro 